


FINALIDADE
(TIPO DE ACTIVIDADE)

Role playing.



DURACIÓN

50'



MATERIAIS

Papel continuo.

Rotuladores.



OBXECTIVO

Analizar cales son os bens de primeira necesidade, como a falta dalgúns deles condiciona a vida da infancia e a adolescencia en situación de pobreza ou vulnerabilidade e propor solucións.

“E se...?”

DESENVOLVEMENTO

1º. 1º Entre todo o grupo lese o artigo 27 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito a un nivel de vida axeitado.

- Art. 27 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno a un nivel de vida axeitado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social”. “3. Os Estados Partes, de acordo coas condicións nacionais e con arranxo ós seus medios, adoptarán medidas axeitadas para axudar ós pais e a outras persoas responsables do neno a dar afectividade a este dereito e, en caso necesario, proporcionarán asistencia material e programas de apoio, particularmente con respecto á nutrición, o vestiario e a vivenda”.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para mozas e mozos de 9 a 12 anos. ([versión pdf](#)).

- Bens de primeira necesidade: alimentos, vestimenta, vivenda e subministracións enerxéticas.

2º. Fanse equipos de 3 ou 4 persoas e a cada un dáselle unha escena cotiá que deben representar sen que dure máis de 1 minuto.

- Algunhas ideas de escenas cotiás nas que hai nenas, nenos e/ou adolescentes poden ser:

Unha familia almorzando.

Nenas e nenos indo de vacacións.

Mozos e mozas facendo os deberes no lugar onde viven.

Débense poñer de acordo en quen fará cada personaxe e unha idea de como se desenvolve a escena. Non é necesario un guión con diálogos, pódese falar de xeito improvisado ou facendo mimo.

3º. Unha vez representada por primeira vez, animase ós outros equipos a que acheguen situacións ficticias a esa escena a modo “e se no canto de...?” (Tamén o pode facer a persoa que dirixe a actividade) que acheguen diferentes escenarios que o equipo que representa ten que incorporar á segunda representación da función.

4º. As observacións relacionadas con elementos, expresións e situacións de pobreza ou vulnerabilidade que vaian saíndo de cada unha das escenas vense anotando nun mural mapa mental no que se organizan. No centro descríbese a escena e arredor, como ramificacións, ábreanse os diferentes escenarios que se propuxeran co “e se...?”

5º. Acabadas as representacións, vense cada unha das observacións anotadas no mural e apórtanse propostas para solucionar ou mellorar.

Nota: é importante que as propostas non sexan desexos, senón que sexan propostas concretas, é dicir, que non sexan algo como “que haxa máis comida” ou “que todo o mundo teña cartos para pagar a calefacción”, senón “que os alimentos teñan un tope de prezo ou se paguen segundo a renda” ou “que a calefacción teña un bono de pago para tódalas familias en situación de pobreza ou vulnerabilidade”..

9 A 12
ANOS



Bens de
primeira
necesidade

“E se...?”

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Que viches/que sabes (observación)

- Que tipo de material “necesario” non pode faltar na vida dunha nena, neno ou adolescente para o seu pleno desenvolvemento?
- Como é a contorna das nenas, nenos e adolescentes que teñen máis difícil o acceso ós bens de primeira necesidade?

Que pensas (opinión)

- Por que credes que hai nenas, nenos e adolescentes que non teñen cubertas as súas necesidades básicas materiais?
- Pensades que a falta de bens de primeira necesidade pode afectar á vida de nenas, nenos e adolescentes? Como?

Que propós (propostas)

- Quen debería de se encargarse de que as nenas e nenos teñan o necesario para desenvolverse ben?
- Como se podería conseguir que tódalas nenas e tódolos nenos tiveran os bens de primeira necesidade que necesitan para desenvolverse en igualdade de oportunidades?

LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

9 A 12
ANOS



Bens de
primeira
necesidade